



CONCELLO DE TORDOIA ( A Coruña )  
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005  
[servizos.sociais@tordoia.gal](mailto:servizos.sociais@tordoia.gal)

# BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde  
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

## FAI SABER

### Iniciativa “Descubre a UE”: billetes de tren gratuitos para mozas/os de 18 anos

Os mozos de 18 anos que sexan cidadáns da UE e gústelles viaxar, poden solicitar billetes de tren gratuitos do 7 ao 28 de novembro, grazas á iniciativa “Descubre a UE”, que apoia o Parlamento Europeo.

#### Como funciona?

Polo menos ao redor de 20.000 mozos gozarán da oportunidade de viaxar en tren por Europa entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2020. Calquera cidadán europeo nado entre o 1 de xaneiro de 2001 e o 31 de decembro de 2001 pode solicitar billetes en liña desde o 7 de novembro ao mediodía e ata o 28 de novembro, tamén ao mediodía. Para poder participar, os solicitantes tamén deben responder a un breve cuestionario.

Os participantes poderán viaxar durante un período mínimo dun día e un máximo de 30 días a polo menos un país estranxeiro.

As **persoas con mobilidade reducida ou necesidades especiais** poden solicitar axuda adicional, por exemplo, apoio para cubrir o custo dun acompañante ou can guía para as persoas con discapacidade visual.

Máis información no portal europeo da mocidade: [https://europa.eu/youth/discovereu\\_es](https://europa.eu/youth/discovereu_es)

Tordoia, a 14 de novembro de 2019

O alcalde